



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA VINTESETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL ONCE

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE

D.Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D^a.María Loureiro García, (PS de G-PSOE)
D..Jesús Antonio Fernández Cal , (PS de G-PSOE)
D^a.M^a.Isabel Rodríguez López , (PS de G-PSOE)
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, (PS de G-PSOE)
D^a.Covadonga Viamonte Aguiar, (PS de G-PSOE)
D.Cesar Aja Mariño, (P.P.)
D.Jaime Eduardo de Olano Vela,(P.P.)
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
D. Antonio José Bouza Rodil,(P.P)
D.Bernardo José Fraga Galdo (B.N.G.)
D^a.Olaia Casas Chaves (B.N.G.)
D.Manuel Galdo Dopico (B.N.G.)
D.Guillermo Leal Arias (IVI)
D.Jesús Fernández Fernández (IVI)

XUSTIFICAN A SUA AUSENCIA

D^a. M^a Carmen Gueimunde Gonzalez
D^a. Candida Mendez Salgado

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.M^a.Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D..Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas trinta minutos do día vinteseite de outubro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr Alcalde. D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública polo Sr.Alcalde-Presidente á hora indicada, previa comprobación pola Sr^a .Secretaria do quórum de asistencia necesario, procede ó tratameto dos asuntos contidos na Orde do Día.

1º.-APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS EXTRAORDINARIAS CORRESPONDENTES AOS DIAS 28 DE XULLO E 19 DE SETEMBRO DO 2011.



Polo Sr.Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Srs. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 28 de xullo do 2011, e non producíndose ningunha salvedade o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (quince) acorda prestarlle a súa aprobación.

A continuación, polo Sr.Alcalde pregúntase aos Concelleiros se teñen algunha obxección ou puntualización que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 19 de setembro do 2011, e non producíndose ningunha rectificación á mesma, o Pleno da Corporación por, unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación.

Seguidamente, intervén o concelleiro do P.P., D. Jaime Eduardo de Olano Vela, quen dí que na Acta do día dezanove de setembro, en relación ao acordo adoptado sobre o tema de Electromecánicos Viveiro, entre as condicións do informe xurídico de asesoramento da Deputación ao Concello e entre os puntos adoptados no acordo, véñse en esíxir que pola empresa "Electromecánicos Viveiro presente un informe de viabilidade ou un Plan de viabilidade de negocio e nos, o noso Grupo do Partido Popular, non temos coñecemento de que, a día de hoxe, se achegara ao Concello o devandito plan de viabilidade pola Empresa Electromecánicos conforme se adoptou no acordo.

Polo Sr.Alcalde, dí que se fará constar esta consideración do Partido Popular na presenta Acta desta sesión plenaria que estamos a celebrar, sin cambiar a aprobación das actas sinaladas no punto primeiro.

2º.- DACION DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO SOBRE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2012.

Polo Sr.Alcalde dase conta a Pleno Corporativo do acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte de setembro de dous mil once, que adoptou, entre outros, o seguinte acordo sobre escrito da Delegación Provincial de Traballo e Benestar, no que se comunica que co obxecto de elaborar o calendario laboral para esta provincia, deberanse notificar á Xefatura Territorial de Traballo e Benestar os dous días que se fixan como festas locais, así como a festividade que se celebra.

Acordándose pola Xunta de Goberno Local, comunicar á Delegación Provincial de Traballo e Benestar que os días elixidos polo Concello de Viveiro, como ven sendo habitual, son: 21 de febreiro de 2012, martes de Entroido; e o día 16 de agosto de 2012, festividade de San Roque-Copatrono da Cidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterada.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA VIA DE ALTA CAPACIDADE AO PASO POLA PARROQUIA DE MAGAZOS.

Polo Sr.Alcalde dase conta da moción da Alcaldía sobre o trazado da via de alta capacidade o Barqueiro-San Cibrao ao seu paso pola Parroquia de Magazos.

ANTECEDENTES:



- 1.- A Dirección Xeral de infraestruturas mediante Resolución de 26 de xullo de 2010 acordou modificar o trazado da via de alta capacidade ao seu paso pola parroquia de Magazos.sometendo a tramite de información pública o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental,documento complementario para información pública da via de alta capacidade O Barqueiro-San Cibrao, treito: enlace centro de Viveiro.Clave LU/00/063/01.3.0.
- 2.- Os vecinos afectados pola modificación do trazado presentaron, dentro do prazo establecido ao efecto, alegacións particulares e unha alegación colectiva, ás que a día de hoxe só tivo resposta a presentada polo xerente de Gráficas Lar.
- 3.- Os vecinos afectados solicitaron á Dirección Xeral de infraestruturas, en data 7 de xuño de 2011, que se lles remitise o expediente administrativo ou que se lles comunicase de qué forma poderían acceder ao expediente para coñecer o seu estado de tramitación.
- 4.- Dende a aprobación da modificación do trazado referida, o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo apoiaron as reivindicacións dos veciños de Magazos con distintas actuacións coas que se pretende que se respecte o trazado aprobado polo goberno bipartito da Xunta de Galicia para a Via de Alta Capacidade e se anule o enlace previsto en Magazos.

Tendo en conta que, a día de hoxe, a Xunta de Galicia non se pronunciou sobre ningunha das actuacións realizadas polos vecinos afectados nin pola administración local sobre a modificación do trazado da vía de alta capacidade ao seu paso pola parroquia de Magazos.

E polo que solicitamos ao pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-O Pleno do Concello de Viveiro solicita á Administración Autonómica a información necesaria para saber en que trámite administrativo se atopa o procedemento, solicitándolle, así mesmo, que se contesten as alegacións presentadas polos vecinos afectados pola modificación acordada na Resolución da Dirección Xeral de infraestruturas,de data 26 de xullo de 2010.

SEGUNDO: o Pleno do Concello de Viveiro comprométese a presentar no seu momento como administración que ten a obriga de velar polos intereses xerais do municipio, o recurso contencioso-administrativo correspondente.

TERCEIRO: o Pleno do Concello de Viveiro apoia as reivindicacións dos vecinos de Magazos no relativo a esta modificación do trazado aprobado no seu dia para a VAC, revindicacións que coninciden cos intereses do Concello de Viveiro, manifestándose explícitamente sobre os seguintes puntos.

- Que se respecte o trazado aprobado polo goberno bipartito da Xunta de Galicia.
-
- Que se anule o enlace previsto en Magazos por ser innecesario.
-

CUARTO: o Pleno do Concello de Viveiro solicita a Xunta de Galicia a dotación presupuestaria da Via de Alta Capacidade o Barqueiro-San Cibrao polo trazado aprobado



polo goberno bipartito da Xunta de Galicia, así como as actuacións do tramo que enlazan con Viveiro.- Viveiro 24 de outubro de 2011.-o Alcalde.”

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

Comeza intervindo o Sr. Alcalde para defender a moción e explica que ven fundamentada pola indignación que teñen os vecinos de Magazos de que presentaron alegacións e que non foron contestadas e o Goberno Municipal que chegou a un acordo de respetar a modificación dos vecinos de Magazos e Galdo pero, cambiado o Goberno da Xunta, vólvese a atravesar os núcleos en expansión. Engade o Sr. Alcalde que tampouco se contestou á Deputación de Lugo nin tampouco se contestou ao Concello de Viveiro, só se lle contestou a un veciño que segue, (é de agradecer) o carón dos veciños da Parroquia; así, todo isto, creou un problema inexistente, dice o Sr. Alcalde. non soio non contestaron senon que castiga aos Gobernos que non son da súa coor. E aos veciños de Magazos castigáanse dúas veces; unha, por ser veciños e outra, por decisións políticas que van en contra do sentido común e do bó facer, cun trazado que atravesa núcleos en expansión, sen executar e levar a cabo o acordo da Xunta bipartita, a pesar de que o Conselleiro de Medio Ambiente en sede parlamentaria, dixo que non se modificaba. Indica o Sr. Alcalde, que o Concello reclamará á Xunta de novo, que se respete o trazado do tramo de Viveiro da Via de Alta Capacidade; que se contesten as alegacións dos veciños; e para rematar que se anule o enlace proxectado agora en Magazos e que se dote presupuestariamente o tramo entre Celeiro San Cibrao. E ademais, dí o Alcalde, o compromiso do Concello de presentar no seu momento, un recurso contencioso administrativo.

O Alcalde continúa dicindo que xa se pide que se dote presupuestariamente e se faiga o tramo (O trazado Celeiro S.Cibrao, hai persoas que din que non se fixo ata que chegou o Goberno de Feijoo, pero xa no D.O.G. de 09.01.2009 se adjudicou e tiña un prazo de execución de 36 meses, cun presuposto de 32 millóns de euros e tería que estar rematada en xuño de 2012. Ven en indicar tamén que, neste intre, presupostase para o 2012 para, “Variante Alta Capacidade Costa Norte, un presuposto de:5.591.742 €uros (No ano 2011 habian posto que para o 2012 iban estaban consignados uns 36 millóns); pero agora, para o ano 2013, hai consignados uns 8.403.000 €uros;.Para finalizar o Sr. Alcalde dí que con todo isto estase a perxudicar a Viveiro por non respetar unha decisión xa da Consellería e tamén co Goberno de Fraga no ano 2000, xa quedou fora o tramo que discurre por Viveiro , por ser impugnado polos veciños, pola universidade (partindo pola metade a Parroquia de Magazos) e xa se dicía que non se aprobaba porque habia diferencias. Pero continúa o Sr. Alcalde. unha vez que se aproba un trazado, aparecen con outro trazado, e isto non é unha pelexa de interes persoals senon que é una loita que montou o Goberno da Xunta e que xa estamos vendo polos orzamentos para o ano 2012 que non quixeron facela nunca e si a fan farana moi tarde.

Intervén a continuación, o Voceiro do P.P. Sr. Cesar Aja Mariño, que comeza a súa intervención dicindo que despois da linda disertación dada polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas; hai unha realidade é que aínda está sin facer... e con respecto ás distintas alternativas que se manexaron antes, os técnicos, optaron por varias accións e foron aprobadas, eiquí xa se aprobou e despois houbo modificacións. Dícese que se faiga unha conexión intermedia para evitalo tráfico. E ven en engadir que o seu Grupo do Partido



popular vaise remitir aos informes do técnicos, e fora diso, a responsabilidade tamén a terá os que están a gobernar, dun lado e doutro. Nos, aclara Sr. Aja, sabemos que hai un problema que é o tráfico e que hai que solucionalo, e tamen queremos que nos dian as solucións mais axeitada para evitar o follón do tráfico, e imos respectar os informes dos técnicos da Xunta aínda que non quita, que se día resposta aos veciños de Magazos nas alegacións.

Seguidamente intervén o Tenente de Alcalde Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, quen dí que vai votar a favor da moción e que non se modifique o trazado anterior. Sinalar que como dí o voceiro do Partido popular, que pode ter responsabilidade o Goberno Bipartito pero tamen o Goberno actual da Xunta do Partido Popular, xa que vense a preocupar que, según os datos que figuran nos presupostos da Xunta de Galicia para o proximo exercizo.... Vemos que é probable non dián rematado o tramo de Xove e non teñan ningun interés en facer o de Viveiro. Continúa dicindo o Tenente de Alcalde d BNG, Sr. Fraga Galdo que Viveiro sempre está marxinada pola Xunta de Galicia aínda sendo Cabeceira de Comarca. Indica que xa se tivo que suprimir a Transcantábrica e a Vía de Alta Capacidade o Corredor e ven sendo claro a marxinación en que estase a someter ao Concello de Viveiro e remata dicindo que o seu Grupo está conforme á moción presentada pola Alcaldía e solicitar á Xunta de Galicia que se acelere a variante para Viveiro de maneira urxente.

A continuación toma a palabra o Sr. Concelleiro do IVI, D. Guillermo Leal Insual quen dí que se pode copiar da propia paxina da Consellería pola intervención do Sr. Conselleiro de Infraestructuras, D. Agustín Hernández, díxose no Parlamento que o tramo Viveiro Sur e Celeiro, non vai ser no ano 2012; que non había presuposto e xa se cambiou, incluso ata o nome, xa que antes era "Vía de Alta Capacidade" e agora chámase... " Vía de Alta Prestación".

Por outra banda, estáse a ver que os veciños están sendo perxudicados e os Concelleiros de Viveiro temos a obriga de defendelos e reclamar donde sexa ante a Xuna de Galicia para que defenda algo que reclaman os vecinos, se resolvan as alegacions, e se día unha solución buscando un enlace por onde menos perxudique a Viveiro.

Intervén, novamente o Sr. Alcalde para dicir que sempre se culpa ao Concello pero vemos que o P.P. dilata en tempo a obra que tiña que estar rematada no ano 2012. E xa no retiro espiritual do ano 2000 co Sr. Fraga, o Partido Popular tamén se comprometeu e aprobouse unha ruta para que xa no ano 2006 tiña que estar rematada pero no ano 2001 non houbo presuposto, e tampouco no no 2002, exactamente igual que se pretende facer agora, e tampouco non se proiectaba un enlace en Magazos. Dí, o Sr. Alcalde, que tampouco ten a responsabilidade o Goberno Bipartito que tiveron que escoitar dúas peticións: unha, que non fora unha via de alta capacidade (a vía de alta capacidade entraba por Covas –daba a volta pola variante-subía por S. María e tiña un enlace enriba – esto aprobado polos técnicos- había que facelo por ahí... senon, non se podía facer.. prensa do 2003.- dician os técnicos. A outra, que se prevé un enlace...., e mentira, xa que había tres enlaces Magazos, Celeiro e Covas. O que sabemos, dí o Sr. Alcalde, é que agora non hai diñeiro e van a quedar paradas as obras, creando unha tensión innecesaria e é verdade que no plan xeral aprobábase un enlace que atravesaba



Magazos pero foi para que se aprobara o Plan Xeral. No se invirtiu diñeiro e xa remato para dicir co Goberno Bipartito no ano 2009 adxudicóuse con 32 millóns e tiña que estar rematada no ano 2012.

A seguir, procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por once votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IVI), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros (dezasete) e catro en contra (PP), acorda:

Aprobar os puntos da Moción presentada polo Sr.Alcalde, sendo os seguintes:

PRIMEIRO.-O Pleno do Concello de Viveiro solicita á Administración Autonómica a información necesaria para saber en que trámite administrativo se atopa o procedemento, solicitándolle, así mesmo, que se contesten as alegacións presentadas polos veciños afectados pola modificación acordada na Resolución da Dirección Xeral de infraestructuras, de data 26 de xullo de 2010.

SEGUNDO: o Pleno do Concello de Viveiro comprométese a presentar no seu momento como administración que ten a obriga de velar polos intereses xerais do municipio, o recurso contencioso-administrativo correspondente.

TERCEIRO: o Pleno do Concello de Viveiro apoia as reivindicacións dos veciños de Magazos no relativo a esta modificación do trazado aprobado no seu día para a VAC, revindicacións que coninciden cos intereses do Concello de Viveiro, manifestándose explícitamente sobre os seguintes puntos.

- Que se respecte o trazado aprobado polo goberno bipartito da Xunta de Galicia.
- Que se anule o enlace previsto en Magazos por ser innecesario.

CUARTO: o Pleno do Concello de Viveiro solicita a Xunta de Galicia a dotación presupuestaria da Via de Alta Capacidade o Barqueiro-San Cibrao polo trazado aprobado polo goberno bipartito da Xunta de Galicia, así como as actuacións do tramo que enlazan con Viveiro."

4º.- MOCION DO CONCELLEIRO PORTAVOZ REPRESENTANTE DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO, RELATIVAS A:

4.1-SOLICITAR DE NOVO A CONCESIÓN DO PORTO DEPORTIVO DE VIVEIRO A FAVOR DO CONCELLO DE VIVEIRO.

O Concelleiro D. Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do Partido Independents de Viveiro no Concello de Viveiro,

EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da Lei de Procedemento Administrativo Común; no art. 77 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985 de 2 de abril;



no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime Local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 denovembro e demais normativa legal procedente e que resulta aplicable, realiza as seguintes:

MOCION

SOBRE SOLICITAR DE NOVO A CONCESIÓN DO PORTO DEPORTIVO DE VIVEIRO A FAVOR DO CONCELLO DE VIVEIRO.

Que dado que nun principio quedou "deserto" o concurso para a xestión do porto deportivo de Viveiro por parte de portos de Galicia, eque consideramos que e un ben que lle pertence os vecinos de este Concello.

Que o Porto Deportivo de Viveiro, pode ser un potencial económico añadido, para este concello, dotando das infraestructuras necesarias, así como para evitar posibles expeculacions que teñen incomodados os usuarios do citado porto; e do cal xa temos leido titulares nos medios de comunicación.

Por todo o anteriormente exposto, o noso grupo municipal,SOLICITA, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello, do seguinte punto:

1.- Solicitar por parte do Concello de Viveiro a Portos de Galicia a concesión para xestionar o Porto Deportivo de Viveiro, que pode ser un referente na Mariña Lucense.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

En Primer lugar a do Sr.Guillermo Leal Arias, quén indica que a moción vai encamiñada para que a concesión do Porto Deportivo concedido a Viveiro- volva ao Concello – a día de hoxe estase sin adxudicar a concesión do porto deportivo, e sabemos que se presentaron tres empresas, pero solicitóuse unha reunión e nos asistimos e se coincide con esta moción, que se presentara ao pleno para que volva ao concello a concesión e explotación do Porto Deportivo de Viveiro xa que é un referente na Mariña Lucense, e xa o Grupo do Partido Popular aclarará as posturas e a súa xustificación. Nos, estamos dacordo en solicitar isto no Parlamento de Galicia, para que volva a concesión para Viveiro. Vemos que é unha decisión política e nós non queremos entrar nos antecedentes do porto Deportivo de Viveiro e nos motivos que deron lugar a que se retirará a concesión, o que queremos e o Porto Deportivo para Viveiro, que poidamos contar con Porto, algo que é noso e que merecemos.

Seguidamente intervén o Viceportavoz do Grupo Municipal do Partido Popular , D. Jaime de Olano Vela, para indicar que o Porto Deportivo e moi importante para Viveiro e celebramos que o Sr.Alcalde cambie de opinión, xa que na acta anterior contes que " non", en preguntas relativas a si fixo xestións para averiguar a situación do Porto. E haberá que ir depurando responsabilidades ata chegar a saber os motivos que tivo Portos para sacar esta concesión ao Concello de Viveiro.



Igualmente veño en dicir que o concurso non está resolto, polo que non está deserto e que está pendente de adxudicar e hai tres empresas polo que a lei hai que cumprila, polo tanto digo que o noso Grupo non ten un problema político senon que é un problema legal. Esta moción tería sentido cando se resolva a concesión, pero non antes, e o Partido Popular, neste intre, non pode votar a favor porque o concurso non está resolto e tamén o noso Grupo desexa que redunde en ben para os vecinos de Viveiro, pero esta moción carece de sentido porque está en xogo un procedemento de concesión que non rematou e a Xunta e Portos de Galicia teñen que cumprir a Lei.

A continuación, toma a palabra o Sr. Alcalde que dí que se alegra que se lean as Actas e, continua dicindo, dixen que non, porque a concesión é unha cacicada. Ao Concello de Viveiro retiróuselle a concesión por varios motivos: porque non tiña edificio de servizos, mentira, dí o Sr. Alcalde, porque tiñamos o casino; e agora, ¿qué teñén?, se lle retira ao Concello porque non hai camarotes en terra, -imentirai, pagábase ao casino; e agora, ¿ onde están os camarotes en terra?., se lle retira ao Concello por organizar feiras; pero cando estaba o Grupo do P.P. facía as Feiras Náuticas; se lle retira, por non ter combustible, e agora, tampouco o teñen... En resumidas contas, cando esta o Grupo do P.P. hai que ter manga ancha. Tamén se lle retira por ter socabóns, que se fixeron cando se desviou o tráfico porque caeu o talud da estrada a Celeiro polo temporal, e agora formáanse socabóns ao pasar os coches, e digo..vaía explanada que fixeron os de Portos e vai firme, que se forman socabos cando pasa un coche. Para rematar digo que quero solicitar unha comisión de investigación para saber porque Viveiro perde a concesión do Porto Deportivo e agora vou facer un resumen de Turviveiro cando se fixo unha auditoría efectuada no ano 1999 e que se encontraron moitas deficiencias contables. Lembra que Turviveiro tivo tres xerentes e pensa que se inclumpli a Lei. Por outra banda, indica o Sr. Alcalde, a concesión da explotación é a dedo . Continúa dicindo o Sr. Alcalde, hai un problema político e intereses apetecibles e que é partidario da creación dunha Comisión de Investigación pola adxudicación á empresa "Ronáutica", empresa, que non cumpre as condicións e que nun ano e dous meses cambiou os servizos; os accesos ao porto; non ten gasoil, nin camarotes, se pechoú o uso público e deuse a unha empresa privada, o xardín e uso público e dos vecinos, despois de dito todo isto, penso que si se adxudica, hai que recurrir a conceción administrativa caciquil. Continúa diicindo que a idea é que sexa unha empresa mixta co casino para que haxa camarotes, servizos e que se explote conxuntamente co concello de Viveiro e que se vote con esta enmenda.

Seguidamente Intervén o Sr. Tenente de Alcalde do BNG, Bernardo José Fraga Galdo quén manifesta que despois da revisión histórica da situación do Porto Deportivo de Viveiro, o noso Grupo esta conforme coa solicitude, que presentan os concelleiros do Grupo Independentes de Viveiro, de volver a solicitar a devolución da concesión para o Concello de Viveiro e que a explotación do Porto a leve o Concello e non empresas privadas como Ronáutica, que está mais que visto, que non cumpre os requisitos, e o Concello faino mellor. Nos, sinala o Sr. Fraga, vamos loitar para que a concesión do Porto Deporivo volva para o Concello de Viveiro, polo que estamos dacordo coa devolución ao Concello e os beneficios para os vecinos, e non, a empresas privadas que non cumpren os requisitos, como: casetas de madeira como servizos hixiénico sanitarios. A empresa non cumpre as condicións e queremos que volvan os propietarios do pantalan do casino e



volvase a ter unha boa xestión, se leve a cabo a moción ante o Parlamento de Galicia e que se solicite a devolución da concesión, para que repercuta nos vecinos, pois dí tamén que xa que a xestión en mans da Xunta de Galicia e de <Portos de Galicia é abandono histórico hacia Viveiro..., pois vense en xerar un millóns de euros anuais, e xa vemos, e isto está demostrado, que... desde a Ponte hasta Celeiro... non se invirte nin un só euro na fachada marítima que está abandonada polo que esiximos se devolva ao concello e vamos a solicitar a concesión para Viveiro.

Seguidamente toma a palabra o Sr. Concelleiro Guillermo Leal do Grupo "Independentes de Viveiro", quen manifesta que se acepta a modificación de que a concesión volva ao Concello para ser explotada conxuntamente co casino. Pero o importante é que esta explotación do Porto Deportivo redunde en beneficio dos vecinos de Viveiro, e dicir, sexa dos cidadáns de Viveiro. Aquí, hai que dicir que se se vota que sexa dos vecinos, ou en cambio, dunha empresa privada e que se explote por particulares.

A continuación, intervén o Vicevoceiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Jaime de Olano Vela, que dí que aínda non quedou deserto o concurso e que hai que esperar a resolución do concurso e que se resolva a concesión do concurso porque así o dice a Lei. Esta claro, dí que o noso Grupo está conforme en que os beneficios redunden nos vecinos de Viveiro, esta claro que si, pero neste intre hai que esperar que se resolva e si queda deserta...entón, e noso grupo esaría dacordo coa moción que agora non ten sentido, e claro está. Sempre sería previo un plan de estudo da explotación e das condicións, pero hoxe non podemos ir en contra do establecido pola Lei.

A continuación, Intervén o Concelleiro Sr. Guillermo Leal (IVI) quen contesta que non quería entrar neste tema da legalidade e xa se ve coas Bases que rixen a explotación da concesión do Porto Deportivo de Viveiro que son unha auténtica chapuza. Chámase Chapuza legal, e xa non quería entrar neste e desde o momento que se adxudique a Ronautica xa non temos nada que facer polo que se faiga antes de que se produza a adxudicación e ven en falar das empresas que se presentaron como Agua verde de Xove, Casino de Viveiro e Ronautica. Temos que votar e avalar aos vecinos ou estamos atados polos de enriba, que se diga, e que se vote en consecuencia.

Volve a intervir o Sr. Alcalde para dicir que sabemos que a lei hai que cumprila pero para adxudicar a concesión a Ronautica ¿dónde estaba a Lei?. Xa que se terá que admitir que é unha empresa que non cumpre e que é a única que ten posibilidades. Para rematar vamos a votar a Moción coa enmenda, que revirta ao Concello a concesión e a explotación do Porto Deportivo de Viveiro coa colaboración do casino

A seguir, procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por once votos a favor coa enmenda, que resultan ser: (PS G-PSOE, BNG e IVI), o que supón maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e catro abstencións (PP), acorda:

Solicitar por parte do Concello de Viveiro a Portos de Galicia e tamen ao Parlamento que volva a concesión para xestionar o Porto Deportivo de Viveiro, que pode ser un referente na Mariña Lucense.



4.2.- O CONCELLEIRO ABAIXO FIRMANTE, GUILLERMO LEAL ARIAS, PORTAVOZ-REPRESENTANTE DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO NO CONCELO DE VIVEIRO.

EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da Lei de Procedemento Administrativo Común; no art. 77 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, Lei 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime Local aprobado por R.D. 781 7 86 de 18 de abril e dos art. 14 e 15 e 16 do reglamento de organización funcionamento e rexime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedent e que resulte aplicable, realiza asseguintes:

**MOCION
SOBRE REDUCCIÓN DO TIPO IMPOSITIVO E DAS VALORACIONES DOS INMOBLES POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA.**

Que tras a redución do tipo impositivo do IVA, para as adquisición de vivenda, a cal nos parece adecuada debido a situación económica do país, tamén cremos necesaria a redución do tipo de impositivo que marca a xunta de Galicia, para as segundas e posteriores transmisións, así como das valoracións que se lle están a dar os inmobles que se transmiten, o cal está por enriba do precio de mercado actual.

Por todo o anteriormente exposto, o noso grupo municipal, SOLICITA, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello , do seguinte punto:

1.- Solicitar da Xunta de Galicia, tanto a reduccion do tipo impositivo, así como revisión a baixa dos valores sobre os que se están liquidando ós contribuintes nas liquidacións complementarias que xira a administración.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense.....

Intervén o Concelleiro Sr.Guillermo Leal (IVI) que dí, para que todos nos entendamos, explica o Sr. Concelleiro, aprobouse un tipo impositivo do 8%, cunha baixada ao 4% no IVA pola compra de vivenda nova para uso habitual, pero sin embargo, o imposto de transmisións patrimoniais de un inmoible de segunda man equivale a un 7%. xa que cando compramos unha vivenda de 2ª transmisión non pagamos o IVA e pagamos un 7% doImposto de Transmisións. Estase a facer polos valores que tiñamos e non polo valor real, perxudicando as vendas aos veciños e supón un agravio comparativo e por iso imos a pedir a revisión do tipo impositivo e das valoracións dos inmobles que aplica a Xunta, xa que segue tomando como referencia os barems previos á crise, e que se amolde á situación actual, que se atopa por enriba dos valores reais. polo que solicitamos se vote esta mocion.

Seguidamente, Intervén o Vicevoceiro do P.P. D. Celestino V. García Paz, quén ven en dicir que, a quén lle amarga un dulce..., e que o seu Grupo do Partido Popular vai



apoiar a moción, aínda que en setembro xa a Xunta de Galicia tivo un estudo para baixar o imposto de transmisións, pero como dixe fulano..., como non pode ser doutra maneira, nosoutros vamos votar a favor.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde e dí vamos a votar a favor dentro das medidas que se están a tomar en todas partes, e tamen digo como non pode ser doutra maneira do bó sentido e do bó facer.

Seguidamente, intervén o Tenente de Alcalde, D. Bernardo Fraga Galdo, representante do Grupo do BNG e dí que xa lle dá medo as baixadas dos impostos que fan os do Partido Popular pero o noso Grupo vai votar a favor da moción.

Rematado o debate o Concello Pleno, por unanimidade dos membros presentes, QUINCE, (15) (PS de G-PSOE, PP, BNG, e IVI) **acorda:**

Solicitar da Xunta de Galicia, tanto a redución do tipo impositivo, así como revisión a baixa dos valores sobre os que se están liquidando ós contribuintes nas liquidacións complementarias que xira a administración

4.3.-O CONCELLEIRO D. JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO (IVI).NO CONCELLO DE VIVEIRO,

EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMUN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril, no texto refundido das disposicións legais vigentes ne materia de réxime local aprobado por R.D. 781/86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, presenta a seguinte:

MOCION

CREACIÓN DA AREA ETNOGRÁFICA DO SOUTO DA RETORTA

Cando calquera persoa chega a Chavín, as inmediacións, com reza nun cartel informativo, Souto da Reorta, Monumento Natural, Rede Galega de Espazos Protexidos, Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Conservación da natureza, cree que vai atopar e ver unha area coidada, cun aparcamento decente, non cheo de montos de terra e maleza, unha entrada o paraxe chea de socabóns, nin unha triste papeleira, árbores caídos que aínda se atopan sen retiar despois de varios temporais, chapas metálicas tiradas no chan, basura, etc. Creemos que unha area como a que temos en



Viveiro e que visitada por centos de persoas ao longo de todo o ano, pero maior cantidade na época do vran, tiña que estar mais mimada e atendida. Nos últimos tempos saíron noticias do débil estado do "Abó", un dos eucaliptos mais altos de Europa, pero nada se dixo do resto do entorno. Menos mal que é un "espazo protexido", porque se non chega a selo, non se sabe como estaría.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do partido independentes de Viveiro somete á consideración do Pleno da Corporación Municipal a aprobación do seguinte acordo:

1.- Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a facer unha área etnográfica en condicións, cun mantemento continuado e permanente dese espazo, coidando a limpeza, o adecentamento da entrada ao lugar, colocación de carteis coas especies abóreas, limpeza do río Landro, colocación de pañeiras e así mesmo, no sitio da minicentral a colocación do espazo acristalado para ver o seu interior. Viveiro, 15 de setembro de 2011".

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

Intervén o Concelleiro Sr. Celestino Valentín García Paz, vicevoceiro do P.P. e dí que o Grupo do P.P. vai votar a favor desta moción xa que é un parque natural con mais de 600 especies de eucaliptos centenarios e é un reclamo turístico.

Seguidamente, Intervén o Sr. Alcalde, e dí que se alegra de que saiban as competencias que ten a Xunta de Galicia e a quen lle corresponden o cuidado e protección do Souto da Retorta... e continúa dicindo, que xa este ano, houbo polo Concello de Viveiro un Grupo de Técnicos dunha empresa para facer un convenio e había que facer un proxecto, un estudo para salvar o arbol e eucalipto, "o abó", que ven a sufrir unha plaga, e dixeron que habería que facer un tratamento e ir de cheo á raíz para atacar a enfermidade. Por todo isto, teremos tamen que facer lembrar aos responsables da Xunta de Galicia, para que non haxa recortes como é o recorte da "Axuda no Fogar".. e indicarlles que faigan constar nos presupostos do ano 2012 a cantidade suficiente e destiñada a salvar os eucaliptos centenarios do Parque Natural coñecido por "Finca A Retorta".

A seguir, procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, Quince, (PS de G-PSOE, PP, BNG, eIVI) adoptan o seguinte **ACORDO**:

Instar á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a facer unha área etnográfica en condicións, cun mantemento continuado e permanente dese espazo, coidando a limpeza, o adecentamento da entrada ao lugar, colocación de carteis coas especies abóreas, limpeza do río Landro, colocación de pañeiras e así mesmo, no sitio da



minicentral a colación du espazo acristalado para ver o seu interior. Viveiro, 15 de setembro de 2011".

5º.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE SINALIZACION NAS ESTRADAS

Oilo Sr. Antonio José Bouza Rodil, do Grupo Municipal do P.P. presenta a seguinte moción que di:

"o Grupo Municipal Popular, al ampaio de lo dispuest en los artículos 91.4 y 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal esta MOCION, con base a los motivos y consideracones de la siguiente:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Las vías competencias del Estado que discurren por la provincia de Lugo más próximas a la comarca de la Mariña, A-6 y A-8, no indican en ningún momento de su recorrido la ubicación de núcleos de población tan importantes de la costa como lo es Viveiro. Los paneles de señalización recuerdan la dirección que se debe seguir para alcanzar Villalba, Ferrol, Oviedo y Mondoñedo, pero sin indicios de indicativos que nos lleven a la ciudad del Landro o a cualquiera de los municipios limítrofes.

El conductor ha de adivinar que en Vilalba debe salir con dirección Ferrol para tomar la AG54 y unos kilómetros más tarde salir hacia Viveiro lo que provoca infinidad de perjuicios a todo tipo de conductores, tanto transportistas como a turistas que desean visitar la ciudad.

El comercio, la Hostelería y los numerosos sectores que viven del turismo así como las empresas asentadas en la zona, demandan una urgente señalización con indicadores que incluyan Viveiro como referente costero en los paneles de las vías, principalmente en las inmediaciones de los nudos de conexión a la altura de Vilalba, Mondoñedo y Ribadeo.

Es por eso que el PP de Viveiro solicita al pleno:

Instar al Ministerio de Fomento a revisar su señalética en la A-6 y A-8 e incluir Viveiro en los paneles indicadores a su paso por la provincia de Lugo."

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinálase que está de acordo coa moción e que vai votar a favor.

Polo Sr. Bernardo José Fraga Galdo, Tenente Alcalde do Concello e membro do Grupo Municipal BNG, manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción,



xa que todos sabemos que se perden polas estradas para Viveiro pola mala indicación de letreiros e sinais.

Polo Sr. Guillermo Leal Arias, Voceiro do Partido de Independentes de Viveiro, manifestase que están conformes co contido da moción, xa que está a favor de todo o que se faiga e redunde en beneficio para Viveiro, e é polo que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade do todos os membros presentes, **ACORDA:**

Instar al Ministerio de Fomento a revisar su señalética en la A-6 y A-8 e incluir Viveiro en los paneles indicadores a su paso por la provincia de Lugo."

6º.-DACION DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE DATA DAS SESIONS PLENARIAS

Polo Sr. Alcalde dase conta ao Pleno Corporativo do cambio de data das sesións plenarias polos motivos que a continuación se indican:

Resultando que por esta Alcaldía se ditou en data de 20 de xuño de 2011 proposta fixando a periodicidade mensual das sesións plenarias ordinarias, establecéndose o terceiro xoves de cada mes, as 20,30 horas para a celebración das sesións referidas.

Resultando que non é posible celebrar a sesión plenaria ordinaria correspondente ao mes de outubro que debería ser o día 20 de outubro de 2011, a que non poderían asistir o persoal funcionarior municipi en situación de permiso nesas datas.

RESOLVO

Primeiro.-Comunicar en calidade de voceiro do seu grupo político, que non se convocará a sesión plenaria ordinaria establecida neste mes que debería celebrarse o 20 de outubro de 2011, e que, no seu lugar, será convocada unha sesión plenaria extraordinaria para o ultimo xoves deste mes, é dicir, o 27 de outubro de 2011, na que se incluírán rogos e preguntas.

Segundo.-Modificar a periodicidade mensual das sesións plenarias ordinarias establecidas o ultimo xoves de cada mes, ás 20:30 horas, para a celebración das sesións referidas.

Terceiro.-Notificar a presente resolución aos voceiros dos grupos políticos municipais e dar conta da mesma na primeira sesión plenaria que se celebre.-Viveiro, 18 de xullo de 2011.-asinado O Alcalde."



Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal acorda darse por enterada e conforme.

7º.-DACION DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO 2010

Polo Sr. Alcalde dase conta da Liquidación do Presupuesto do exercizo 2010, que textualmente dí:

"DECRETO DE ALCALDIA-PRESIDENCIA

FECHA 14/07/2011

Formada por la Intervención la Liquidación del Presupuesto del Ayuntamiento de Viveiro correspondiente al ejercicio 2010, determinado como consecuencia del mismo.

- A) Los derechos pendientes de cobro y las obligaciones reconocidas pendientes de pago a 31 de diciembre, por operaciones presupuestarias, con el siguiente detalle.

Derechos pendientes de cobro de presupuesto		2.772.071,02	€
Ejercicio corriente	966.897,38 €		
Ejercicio cerrado	1.805.173,64 €		
Obligaciones pendientes de pago de presupuesto		4.214.214,27	€
Ejercicio	3.345.911,13 €		
CORRIENTE			
Ejercicio cerrado	868.303,14 €		

- B) El resultado Presupuestario del ejercicio

RESULTADO PRESUPUESTARIO				
CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a) Operaciones corrientes	11.676.289,38	11.148.680,18		+ 527.609,20
b) Otras operaciones no financieras	2.738.395,39	2.854.852,91		-116.457,52
1. Total operaciones no financieras (a+b)	14.414.684,77	14.003.533,09		+411.151,68
2. Activos financieros	2.228,53	0		+ 2.228,53
3. Pasivos Financieros	459.884,98	462.367,64		-2.482,66
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO	14.876.798,28	14.465.900,73		+410.897,55



AJUSTES :	
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales	0,00
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio	1.047.748,05
6. Desviación de financiación positivas del ejercicio	1.956.231,10
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO	-497.585,50

C) Los remanentes de crédito

Disponibles	1.861.943,42 €
Retidos	162.525,09 €
Gastos autorizados	1595,92 €
Gastos comprometidos	16203,33 €
TOTAIS	2.042.267,75 €

Remanentes incorporables: 1.632.494,93

Remanentes no incorporables: 409.772,82 €

D) El remanente de Tesorería

COMPONENTES	IMPORTES AÑO
1 (+) Fondos líquidos	2.155.146,91 €
2 (+) Derechos pendientes de cobro	2.773.091,12 €
Presupuesto corriente (+)	966.897,38 €
Presupuesto cerrado (+)	1.805.173,64 €
Deudores no presupuestarios (+)	58.896,10 €
Ingresos realizados pendientes de Aplicar	57.876 €
(-)	
3 (-) Obligaciones pendientes de pago	4.423.109,67 €
Presupuesto corriente (+)	3.345.911,13 €
Presupuesto cerrado (+)	868.303,14 €
Acreedores no presupuestarios (+)	288.421,70 €
Pagos realizados pendientes de Aplicar (-)	79.526,30 €
I. Remanente de Tesorería Total (1+2-3)	505.128,36 €
II. Saldos de Dudoso cobro	1.494.994,97 €
III. Excesos de financiación afectada	134.203,57 €
IV. Remanente de Tesorería para Gastos Generales (I - II - III)	-1.124.070,18 €



Visto el informe que se emite por la intervención de fecha 14/07/2011 de conformidad con lo establecido en los artículos 191.3, 193.4 y 193.5 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y el artículo 90 del Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril, vengo en RESOLVER:

PRIMERO.- Aprobar la liquidación del Presupuesto del Ayuntamiento de Viveiro correspondiente al año 2010 conforme al expediente tramitado y cuyas principales magnitudes han quedado anteriormente expuestas.

SEGUNDO.- Dar cuenta de la presente resolución al Ayuntamiento Pleno en la próxima sesión que celebre.

TERCERO.- Remítase copia de la liquidación del presupuesto en la forma establecida reglamentariamente a la Administración del Estado y a la Comunidad autónoma.

–..Viveiro.., a 14 de...julio. de 2011.-El Alcalde.-Fdº: Melchor Roel Rivas, Ante mí. Secretaria.”

Aberta a quenda de intervencións, non se produce ningunha e o Concello Pleno, por unanimidade, dos sres.Concelleiros asistentes á sesión que, de dereito a constitúen, acorda darse por enterada.

8º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDÍA

O Sr. Alcalde da conta ó Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía da que se pode dispoñer de copias.

Polo Sr.Cesar Aja , Portavoz do Grupo do P.P., propónse unha suxerencia de que se relacionen as resolucións por dependencias e asuntos para saber cales van interesar fotocopiar e cales non.

Polo Sr.Alcalde, vense en aceptar a suxerenci e indica que conste en acta e que a partir de agora se relacionen por materias as resolucións.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

D. Guillermo Leal Arias, potavoz do Grupo Municipal do Partido Independentes de Viveiro (IVI), no Concello de Viveiro. Presenta as seguintes Preguntas e Rogos que se indican:

1.- Fai tres meses, tanto na praza de J.Donapetry como na rúa Nicolás Cora Montenegro frón instalados dous puntos de contenedores soterrados, e que a pesar do tempo transcurrido aínda non están operativos.

¿Por qué non están en funcionamento? E ¿Cando prevee o equipo de goberno poñelos operativos?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr.Alcalde, dícese que non están de servizo porque se está á espera da adxudicación dun camión de recollida de basura; xa se presentaron ás ofertas das empresas, xa se ingresou, por parte da Excmá.Diputación, o diñeiro, e teremos que



solicitar unha prorroga, pero si se cumpren os prazos estarase xa todo preparado para principios de ano.

2º.- Dende o pasado día 4 de Agosto quedaron extinguidas as Fundacións Comarcais dependentes da Xunta de Galicia. No noso Concello existe un edificio na zona de Lodeiro. Según nos informaron, dito inmovible pertence á Sociedade para o desenvolvemento comarcal de Galicia, e tamén está previsto que esa sociedade vaise extinguir antes do final deste exercicio, e pasará a axencia galega de desenvolvemento rural. (Agader).

¿Houbo ofrecemento ó Concello para que se fixese cargo deste edificio?. ¿Podería estar interesado na xestión do mesmo?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, dícese que non houbo contestación ao escrito aínda, pero sabemos que remata a concesión no ano 2014, polo que terá que revertir a quen ten a propiedade e deste xeito tamén está o edificio do ambulatorio.

3.- Según saeu publicado en varios medios de comunicación a explanada fronte os Castelos de Covas (donde se ubican as festas), ía ser pavimentada para o día seguinte do remate das mesmas, ou sexa o 27 de xuño. Nesa obra tan só están postos un tubos coas súas arquillas e dende Xullo non se voltou a facer nada.

¿Cando está previsto rematar as obras?

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, dícese que "despois das festas" díxose a os medios de comunicación, nosoutros tñamos baixadas nas adxudicacións de obras que se están a facer subvencionadas pola Excma. Diputación en un millón de euros. Ese diñeiro sobranste das baixadas das adxudicacións, solicitouse á Diputación para facer esa pequena obra, a canalización e despois mais adiante o alumado, e xa está listo para adxudicar.

4.- O pasado día 23 de Agosto saía publicado no diario El Progreso que a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, invertirá cinco millóns de euros nun plan de saneamento da ría de Viveiro. Por parte do portavoz que suscribe, para o pleno do 24 de Abril de 2010 fora presentada uha moción co título "Rexeneración e limpeza da Ría de Viveiro", aprobaa por unanimidade da Corporación.

¿Houbo resposata por parte da Xunta a referida moción?. ¿Ten constancia o Concello deste anuncio da Consellería de Medio Ambiente?.

Resposta da Presidencia:



Polo Sr.Alcalde, dícese que o Concello de Viveiro, últimamente, do único que ten constancia é de que se está limpando por equipo de buceadores, aínda que estamos esperando que invirtan esos cinco millóns de euros para saneamento da Ría de Viveiro que, non aparecen nin nos presupostos da Consellería de Mar; nin tampouco veñen como inversións na mariña, nin en infraestructuras para o ano 2012.Haberá que preguntarlle ao diario o Progreso de donde sacou a noticia.

5.- Nas obras que se está a levar a cabo na ponte de feve en Verxeles, na acera da marxe esquerda en dirección a saída da vila. ¿está contemplado retranquear o muro que se atopa despois de dita ponte?. ¿nese tramo a acera terá a mesma medida que nos demais.?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr. Alcalde, dícese que as obras da ponte de feve en Verxeles van a ter as medidas do proxecto e as oras quedarán da mesma maneira que no proxecto .

6.- Para a firma do convenio coa federación de Empresarios de Hostelería de Galicia, que foi asinado nun complexo hotelero da nosa cidade o pasado 2 de Agosto, e no que participou o Conselleiro de Turismo, D. Roberto Alvarez.¿Por qué non houbo ningún representante do Concello?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr.Alcalde, dícese que habería que preguntarse ao Sr.Conselleiro xa que non se recibiu a invitación e tampouco veu por fax nin houbo chamada telefónica e digo que me entereí pola prensa.

7.- O novo Presidente da Entidade Portos de Galicia, José Juan Durán Hermida estivo de visita por todos os peiraos da mariña lucense, agás o de Viveiro. ¿tivo algún contacto co noso Concello?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr.Alcalde, dícese que estivo a inaugurar uns paneis e invitouse ao Sr.Alcalde, posteriormente tivemos unha reunión o primer Tenente de Alcalde e mais o Alcalde na Consellería, en Santiago.O Sr.Conselleiro non asistiu pero sí, o Director Xeral.

8.- A rúa Rio de Loiba que vai dende o paseo marítimo ata a igrexa de Covas está nunha situación deplorable en canto o firme así como a existencia de postes deluz no medio da rúa e tamén coas aceras sen rematar. ¿Vaise proceder o arranxo desa rúa?.

Resposta da Presidencia:



Polo Sr. Alcalde, dícese que si, xa saliú moitas veces na prensa, e no momento que se deixe libre procederase a arranxala e despois buscaremos o culpable.

9.- Na mesma zona, pero a rúa que vai dende a carretera xeral ata a igrexa, tamén se atipa na mesma situación, ¿cando se vai actuar para o seu arranxo?.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, dícese que contesta o mesmo que na anterior pregunta.

10.- A Xunta de Galicia a través dunha visita do Director Xeral de Vivenda ao barrio do Celeiriño, e así mesmo o Deputado autonómico Sr.Balseiro, anunciaron que se debería por parte do Concello de solicitar un ARI para a recuperación do lugar.¿Dirixeuse a administración autonómica o Concello para tratar este tema?.¿ esta presentada ademanda xudicial?.¿En que fase se encontra este expediente?.

Resposta da Presidencia:

Polo Sr.Alcalde, dícese que si, que se dirixeron ao Concello e que será motivo este asunto para o proximo pleno, tamén fai constar que o concello demandou e que está interrompido o proceso por parte do Concello e pendente dos informes solicitados aos técnicos.

11.- En moitas partes da carretera do paseo marítimo de Covas hay bastantes baches pronunciados, e antes de chegar ó paso de cebra elevado da intersección do vial que discurre entre o parque Pernas Peón e o campo de futbol de Cantarrana hay un socavón, xa que cedeu o firme.?A quen corresponde o arreglo de dita carretera?.Instamos o goberno municipal a que faga os tramietes oportunos para o arranxo desas deficiencias.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, dícese que lle correspondería a quén recepcionou unha obra que non ten firme e toda a estrada carece de placa, non hai cemento, e coma sempre, correspóndelle ao Concello.

12.- Temos información de que por parte de intervención lle foi denegado o abono do complemento polo cargo de secretaria en funcións que obxecta unha funcionaria do Concello e dendo o mes de maio de 2011 no no ven percibindo.¿Ten constancia deste feito o Sr.Alcalde,.¿Cando se vai proceder a dito abono?.



Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, dícese que si, que ten constancia de que a funcionaria solicitou percibir o devandito complemento, que lle foi suprimido desde facía catro meses, porque disfrutou algún día de asuntos propios regulados pola lei. Houbo que pedir un informe á Diputación que foi favorable á funcionaria e contrario ao criterio do Sr. Interventor pero, neste mes, xa se lle efectuou o pago.

ROGOS

1.-Nestes ultimos meses poidemos observar que en diversas zonas do Concello como Lodeiro, Porto deportivo, explanada fronte os Castelos ou no aparcamento da variante, na avenida de Ferrol proliferaron a instalación de autocaravanas e remolques. Por elo instamos e ROGAMOS AO Goberno local a que tome as medidas oportunas para erradicar este tipo de acampadas nesas zonas e en todo o termino municipal, e facer que se dirixan o Camping de Viveiro e senón habilitar algunha zona o respecto enon que cada quen se colque onde lle pete, ou no seu defecto facer unha ordenanza municipal para ter controlado esta situación.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, indícase que o mellor e facer unha Ordeanza municipal cos permisos temporais que teñan dereito e limitacións de aparcamento.

2.- En Cantarrana na zona de aparcamento fronte ao tramo de acera que vai dende a pizzería Sixties, ata o quiosco, despois das obras de dita acera, quedou moi baixo o pavimento do aparcamento polo qu a maioría dos vehículos tocan coas defensas no bordillo. ROGAMOS subsanen esa situación.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, indícase que xa se enviaron escritos polo Concelleiro que levaba antes a delegación de obras Sr. Fernández Cal, pois esta situación e xa de antes de decembro do ano 2008, contestaron que despois do inverno iban a continuar no Río de Loiba e cando haxa cartos.

3.- Recentemente foi renovado por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo o firme da carretera que vai dende Covas a Viveiro, pero deixaron as tapas dos rexistros máis baixas qu dito firme. ROGAMOS poñan este feito en coñecemento do ente Provincial o obxecto de subsanar esta deficiencia.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, dícese que xa por parte do Técnico municipal fíxose a advertencia para que se proceda ao arranxo, xa se requiriu á empresa.



4.- O Mércores 31 de Agosto foi inaugurado o tan esperado polígono industrial de Landrove. ROGAMOS o Sr. Alcalde nos informe de quen foi o que realizou as invitacións para este acto, que creemos tiña que estar representada toda a Corporación Municipal de Viveiro, e este Grupo Municipal que suscribe non tivo ningunha invitación oficial o respecto, o que entendemos unha falta de consideración institucional, xa non a nós, senón os votants ós que representamos.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, dícese que si, que foi invitado o Alcalde pola Consellería e que nada mais que chegou para o Alcalde unha invitación oficial.

5.- O pasado día 2 de Setembro por parte do Vice-Presidente primeiro da Excma. Diputación Provincial de Lugo e polo 1º Teniente de Alcalde do Concello, ambos do BNG, foi presentado os vecinos do Veleiriño e tamén á prensa aprobación da cantidade de 120.000 €uros para a recuperación e amellora do barrio, que dudamos de que chegue para todo o que se anunciou: o saneamento, abastecemento de augas, electricidade e alumeadado publico, etamén se rematarían de demoler as vivendas e reparar o calexón. Ata esta data cada vez que houbo algún tipo denova do Celeiriño for sempre comunicada econsensuada a tódolos portavoces do grupos municipais. ROGAMOS QUE NOS INDIQUE O Sr. Alcalde si nesta ocasión houbo comunicación oficial deste feito.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, indícase que non houbo comunicación oficial, aínda que o mesmo día se me comunicou a mión polo 1er. Tenente de Alcalde do BNG Sr. Bernardo Fraga, e non asistín porque penso que para temas importantes hai que convocar a toda a corporación ou aos portavoces.

6.- Con respecto os horarios de peche dos locais nocturnos (Pubs) e así mesmo das licencias dos mesmos, temos queixas de que hay varios que incumplen ditos horarios e así mesmo que carecen da pertinente licencia de apertura ROGAMOS ao equipo de Goberno que controle e vixile estes feitos e tome cartas no asunto para regularizar estas situacóns anómalas.

Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, indícase que xa neste verán, tanto pola Policía Nacional como polo Policía Local tramitáronse oitena e cinco denuncias (85) por incumplimentos dos horarios de peche. Estamos a seguir en colaboración coas devanditas Forzas de Seguridade.

7.- A longo do verán a área etnográfica da Insua estivo descoidada en relación a recollida de lixo, a corta de maleza así como a falta de luminarias. ROGAMOS o equipo de goberno toem as medidas oportunas para que este espazo turístico estea ven adecentado.



Resposta da Presidencia

Polo Sr. Alcalde, indícase que nalgúns momentos si, pero neste intre estase a limpar e cortar a maleza, así como xa se levou luz e estase preparando para a auga.

A continuación e a preguntas que pretende facer o voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, polo Sr. Alcalde indícase que ten que presentalas por escrito e que cando estaba de concelleiro él e o Sr. Aja de Alcalde, as preguntas presentábanse con 48 horas de antelación por escrito.

Polo Sr. Cesar Aja Mariño, voceiro do Grupo Municipal do P.P., indícase que non desexa que se contesten neste pleno, o único que pide e permiso para facerlle unhas preguntas.

Polo Sr. Alcalde, indícaselle que as faga por escrito co antelación necesaria.

Polo Sr. Cesar Aja Mariño, quer facer constar na presente Acta que polo Sr. Alcalde non se lle da permiso para facer unhas preguntas aínda que sexa contestadas noutra sesión.

O Sr. Alcade, remata dicindo que xa levantaba a sesión cando o representante do Partido Popular desexaba facer unhas preguntas á presidencia.

E non habendo mais asuntos de que tratar, polo Sr. Alcalde, dase por rematada a sesión, extendéndose a presente Acta por quintuplicado exemplar, que asinan os asistentes do que eu, secretaria acctal da fe.

O ALCALDE,

A SECRETARIA ACCTAL,